



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
emprego@boqueixon.com  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

## **BASES PARA A SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 3 PEÓNS/PEOAS DE OBRAS PÚBLICAS DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2022 DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS PARA O CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA O ANO 2022.**

### **BASE PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

1 As tarefas a realizar polos 3 peóns/peoas de obras públicas son as seguintes:

- Recollida de lixo nos 105 lugares do municipio.
- Limpeza e desbroce en áreas recreativas (Ledasma, Gastrar, entorno Capela de San Paio, Sucira, etc.) e nos accesos ós núcleos de poboación e pavimentación de vías públicas.
- Limpeza viaria de beirarrúas e prazas públicas por medios manuais e varredora nas 14 parroquias do concello.
- Pequenas reparacións e mantemento de edificios de titularidade municipal.
- Protección da salubridade pública.

2 A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador será de 1.480,05 euros/mensuais de acordo a unha xornada laboral do 90%, e axustada ás necesidades do servizo.

3 Período da contratación: 5 meses a contar dende a data de inicio do contrato; o contrato non se estenderá máis alá do 31.12.2022, conforme ao Programa de PEL-Concellos 2022 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concello da provincia, incluído no Liña 1.1 do Plan de Emprego PEL.

4 Número de contratacións: 3 persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego

5 Ocupación: peón/peoa de obras públicas.

6 Xornada laboral: 90%.

7 Modalidade contractual: contrato laboral temporal de duración determinada (atenderase ó Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade do emprego e a transformación do mercado de traballo).

### **BASE SEGUNDA. PUBLICIDADE**

A publicidade das bases faranse mediante anuncio no da *Boletín Oficial Provincia da Coruña*, no taboleiro de edictos do concellos de Boqueixón, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Os anuncios sucesivos relativos a esta convocatoria faranse no taboleiro de edictos do concello de Boqueixón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

### **BASE TERCEIRA. CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES E PRESENTACION DA SOLICITUDES**

a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP. (Acreditarase mediante a presentación da orixinal ou copia compulsada do carné de identidade)

b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa. (Acreditarase mediante a presentación orixinal ou copia compulsada do carné de identidade).

c) Titulación: estar en posesión ou en condición de obter, antes do remate do prazo de presentación das solicitudes, o certificado de escolaridade ou equivalente. (Acreditarase mediante a presentación da orixinal ou copia compulsada da titulación)

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

d) Estar en posesión do nivel de CELGA 2 ou equivalente ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.



A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega requirida nestas bases, ou non estean en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación das solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

e) Estar inscrito/a no Servizo Público de Emprego como desempregado/a (Terán que achegar orixinal ou copia compulsada da tarxeta de demandante de emprego do Servizo Público de Emprego).

Este requisito terá que cumprirse durante o período de presentación da solicitude e manterse ata o momento da realización da contratación).

f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B. Acreditar mediante a presentación da orixinal ou copia cotexada do carné de conducir.

g) Anexo I. (Impreso de solicitude)

h) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas. (Anexo II).

i) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta (Anexo II).

j) O apartado 2 das bases de convocatoria do Programa PEL-CONCELLOS 2022 estipula que as persoas a contratar no programa deberán estar incluídas en situación de exclusión laboral. Estas situacións son as seguintes:

- Mulleres.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración: Ós efectos deste programa, considéranse parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de 1 ano como demandantes de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ó 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concello no proceso de selección das persoas a contratar.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental/monomarental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

A documentación, orixinal ou copia compulsada, acreditativa da situación ou situación de exclusión laboral de cada persoa traballadora desempregada, é a seguinte:

Situación ou situacións de exclusión laboral	Documentos acreditativos
Mulleres e persoas maiores de 45 anos	Fotocopia DNI.
Persoas desempregadas de longa duración (persoas	Informe de vida laboral actualizado da



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
emprego@boqueixon.com  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego)	Tesourería Xeral da Seguridade Social.
Persoas con discapacidade.	Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33%, expedido polo administración competente vixente na data de publicación da convocatoria.
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas con fogar no que ningún dos seus membros teña emprego, fogar monoparental/monomarental ou persoas sen fogar, vítimas de violencia de xénero.	Informe da traballadora social do municipio. Que o expedirá á petición do candidato/a interesado/a.

K) Xustificantes acreditativos dos méritos alegados. Os méritos admisibles e avaliábeis serán unicamente os presentados no período establecido de presentación de solicitudes, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

l) Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente na respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo unicamente solicitar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

As persoas que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias de solicitude dirixidas ó alcalde (en modelo que se engade como anexo I, Anexo II e demais anexos e documentación necesaria), na sede electrónica do concello de Boqueixón ou no Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón en horario de atención ó público (de luns a venres de 9:00h. a 14:30h. e solicitando cita previa), durante o prazo de **dez días hábiles** a contar dende o día seguinte ó da publicación do anuncio das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. No caso de ser presentadas noutros rexistros, e a efectos de realizar o seu seguimento, as persoas solicitantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada mediante correo electrónico dirixido a [emprego@boqueixon.com](mailto:emprego@boqueixon.com) antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Despois de rematar o prazo de presentación de solicitudes, o alcalde, mediante resolución aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas coa indicación da causa de exclusión. Esa resolución será definitiva de non haber persoas excluídas, e será publicada tal como recolle a base segunda. **Establecerase un prazo para emendas de 10 días naturais.**

Un vez finalizado o proceso de selección as persoas candidatas titulares da praza terán que cumprir co establecido na BASE Novena desta convocatoria.

#### **BASE CUARTA. REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS**

As persoas candidatas admitidas participarán nun proceso selectivo con realización de proba/s práctica/s, baremación de colectivo, baremación de méritos.



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
emprego@boqueixon.com  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

Datas para a realización das probas.- Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que se estableza cando se publique o listado definitivo de persoas admitidas e excluídas no proceso, e realizarase nas dependencias municipais do Concello de Boqueixón, As persoas admitidas deberán acudir provistas co DNI, carné de conducir B e mascarilla.

## **BASE QUINTA. COMISIÓN SELECCIONADORA.**

Composición da comisión seleccionadora

1 A comisión será nomeada pola Alcaldía e estará composta por 5 membros: un/unha presidente/a, 3 vocais, e un/unha secretario/a. De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, a composición da comisión seleccionadora das probas selectivas deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

2 A comisión seleccionadora estará integrada como segue:

A.- PRESIDENTE/A:

O secretario da corporación ou funcionario/a en quen delegue.

B.- VOGAIS:

Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón ou doutra administración local que se designen.

C.- SECRETARIO/A

Un/unha funcionario/a do Concello de Boqueixón, con voz pero sen voto.

3 A comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo necesaria a asistencia do presidente/a e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse por maioría, resolvendo en caso de empate o voto de calidade de quen actúa como presidente/a. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, de 1 de outubro. O tribunal cualificador continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións que xurdan ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

4 Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, e de conformidade co artigo 24 deberán notificalo por escrito no que se expresará a causa ou causas na que se fundamenta, en caso contrario poderán ser recusados polos/as aspirantes se concorre algunha daquelas circunstancias, debendo notificalo por escrito á alcaldía.

5 A actuación da comisión seleccionadora axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

6 Serán de aplicación a dito Órgano as normas sobre constitución de órganos colexiados previstas nos artigos 22, 23, 24 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do Sector Público

## **BASE SEXTA. PROCESO DE SELECCIÓN.**

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos/as no seu dereito aqueles/as que non comparezan.

A Comisión seleccionadora realizará:

Proba/s práctica/s	12 puntos puntuación máxima a acadar e 6 puntos a puntuación mínima a acadar
Baremación colectivos	6 puntos
Baremación méritos	1 puntos



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
emprego@boqueixon.com  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

Proba de galego (naqueles casos en que non se acredite estar en posesión do CELGA 2)	Apto/a ou non apto/a
Puntuación máxima a acadar	19 puntos

**PROBA PRÁCTICA: Máximo de 12 puntos/ Mínimo de 6 puntos.**

Esta proba ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

A comisión seleccionadora cualificará este exercicio entre 0 e 12 puntos. E para superalo terá que acadarse unha puntuación mínima de 6.

Consistirá nunha ou varias probas de carácter práctico acordada/s pola comisión seleccionadora antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización das proba/s. Estarán relacionadas coas tarefas que o posto require, é dicir, manexo do equipo de traballo e vehículos municipais, maquinaria de obras e xardinería. Por exemplo: desbrozadoras, varredora, tractor, circular, cortasetos, motoserra, equipo de protección individual, etc.

Para realizar a proba práctica o concello decidirá o protocolo a seguir a proba práctica das persoas candidatas para garantir as medidas hixiénico-sanitarias de prevención de contaxios pola covid.

**BAREMACIÓN DAS SITUACIÓNS DE EXCLUSIÓN LABORAL: Máximo de 6 puntos**

Valorarase cada un deles a razón de 1 punto, podendo ser acumulativos. Sendo o máximo a acadar neste apartado 6 puntos. Os/as candidatos/as deberán acreditar documentalmente estas situacións.

Colectivo	Puntuación
Mulleres.	1
Maiores de 45 anos cumpridos.	1
Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida unha discapacidade en un grado igual ou superior ó 33%.	1
Persoas desempregadas de longa duración: Ós efectos deste programa, considéranse parados de longa duración aquelas persoas que leven un mínimo de 1 ano como demandantes de emprego, segundo o informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social.	1
Persoas desfavorecidas en situación de drogodependencia.	1
Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña Emprego.	1
Persoas con fogar monoparental/monomarental.	1
Persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.	1
Persoas vítimas de violencia de xénero.	1
Persoas sen fogar.	1

**BAREMACIÓN DE MÉRITOS: Máximo de 1 punto**

Valorarase como mérito ter finalizado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas.

**Polo tanto, valorarase con 0,50 puntos ter finalizado favorablemente un deste tipo de programas. Sendo o máximo a acadar neste apartado 1 punto.**



Os méritos admisibles e avaliábeis serán unicamente os presentados no período establecido de presentación de solicitudes.

A falta de acreditación dos méritos **non será emendable** e xerará a non valoración dos mesmos.

### **PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO: APTO/APTA OU NON APTO/A**

Esta proba ten carácter de obrigatorio e eliminatorio, polo que cualificarase como APTO/A ou NON APTO/A, quedando eliminados/as as persoas aspirantes que non acadasen a cualificación de apto/a. Estarán exentos/as da realización desta proba as persoas aspirantes que acrediten a posesión do certificado de Celga 2 ou documentos equivalente.

Esta proba consistirá nun exercicio escrito.

### **BASE SÉTIMA. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.**

A orde de participación no proceso selectivo dos/as aspirantes iniciárase pola orde alfabética atendendo ó primeiro apelido que comece pola letra «T», conforme á RESOLUCIÓN do 28 de xaneiro de 2022 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG. n.º 24 do 4 de febreiro de 2022).

Das sesións que celebre a comisión seleccionadora o/a secretario/a da comisión seleccionadora, levantará acta onde se farán constar as cualificacións dos exercicios dos/as aspirantes e das incidencias e votacións que se produzan. A acta/s numeradas e rubricadas, constituirán o expediente das probas selectivas. Xuntamente coa acta uniranse a documentación acreditativa da situación de colectivo específico.

Procederá a publicar as táboas das puntuacións acadadas polos/as aspirantes no taboleiro de edictos e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón.

### **BASE OITAVA. SUPERACIÓN DO PROCESO SELECTIVO**

- 1 Superarán o proceso selectivo aqueles aspirantes que tendo acreditada a súa situación de exclusión laboral e estando en desemprego na data de inicio do proceso selectivo, e ordenados segundo a puntuación global acadada, lle corresponda un número de orde igual ou inferior ó número de prazas convocadas.
- 2 Para a obtención da puntuación global o tribunal sumará as puntuacións das fases.
- 3 No caso de empate a orde do desempate establecerase atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:
  - a) Maior puntuación acadada na baremación do colectivo.
  - b) Maior puntuación acadada no apartado de méritos.
  - c) Maior puntuación obtida en cada un dos exercicios da fase proba práctica por orde en que se teñan realizado.
  - d) De manterse igualmente o empate resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido, e de ser igual, polo segundo apelido. De seguirse mantendo o empate, procederase a desempatar atendendo á orde alfabética do primeiro apelido que comece a partir da letra «T», segundo RESOLUCIÓN do 28 de xaneiro de 2022 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG. Núm. 24, luns 4 de febreiro de 2022). E de persistir o empate, este resolverase por sorteo.
- 4 En ningún caso a Comisión seleccionadora poderá declarar que teñen superado o proceso selectivo, e por tanto, aprobado maior número de aspirantes que o número de prazas convocadas.

### **BASE NOVENA. LISTA DE APROBADOS E FORMALIZACION DA CONTRATACIÓN**

- 1 Terminada a cualificación de todo o proceso selectivo, a comisión seleccionadora publicará no Taboleiro de edictos da corporación e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón a relación de aspirantes aprobados, pola orde de puntuación, formulando proposta de contratación a favor dos 3 aspirantes





que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados lista de reserva.

Dita lista de reserva será exclusivamente á efectos de cobertura de renuncias, de baixas, ou a non acreditación (documento orixinal ou copia compulsada) por parte dos/as candidatos/as nomeados para o posto da condición de colectivo específico recollido na Base segunda, en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós/ás integrantes da lista de reserva dereito algún en relación á outros procesos de contratación.

2 **Abrirase un prazo para a presentación de alegacións de 10 días naturais** ós resultados acadados que se indicará cando se publique a listaxe das puntuacións finais. De non presentarse, elevarase a definitivo a listaxe que se publicará no Taboleiro de edictos da corporación e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón.

3 Unha vez cumpridos estes requisitos favorablemente, a comisión seleccionadora formulará a proposta de contratación a favor dos 3 aspirantes que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados listaxe de reserva. Cando a comisión seleccionadora non poida efectuar proposta de nomeamento por non ter concorrido os aspirantes ou por non ter acadado a puntuación esixida para superar as probas selectivas, elevará proposta á alcaldía de que se declare deserta.

4 As persoas titulares das prazas deberán cumprir os requisitos esixidos nesta convocatoria durante o período de presentación da solicitude e mantelos ata o momento da realización da contratación e ademais estarán obrigados antes da formalización de contrato (no prazo que lle indique o concello de Boqueixón) o seguinte:

- Aportar a tarxeta de demandante de emprego actualizada.
- Aportar o certificado IBAN de conta bancaria na que figure como titular.
- Realizar un recoñecemento médico para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar no lugar e data que lle indique o concello de Boqueixón.
- Os/as traballadores/as contratados/as terán que realizar unha formación en materia de prevención de riscos laborais que o concello se encargará de organizar.

5 Establécese un período de proba máximo legal, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período as persoas que o superen, adquirirán plena eficacia o contrato suscrito.

6 A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

7 En tanto non se formalice o nomeamento e non se incorpore ó posto de traballo, os/as aspirantes non terán dereito a prestación económica algunha.

#### **BASE DÉCIMA. INCIDENCIAS.**

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

A presente convocatoria nas súas bases e cantos actos administrativos se deriven da mesma e das actuacións da Comisión seleccionadora, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e nas normas establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso – administrativo, o réxime xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo ós xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.



Forte s/n  
 15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
 Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
 Fax: 981 513 000  
 emprego@boqueixon.com  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

**ANEXO I. SOLICITUDE**  
**PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2022 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

DON/A.....,  
 DNI.....CON DOMICILIO EN  
 .....TELÉFONO:  
 .....CORREO ELECTRÓNICO:.....,

Presenta documentación xustificativa para acreditar colectivo e méritos para a selección de 3 peóns/peoas de obras públicas:

- . DNI
- . Carné de conducir B
- . Certificado de escolaridade ou equivalente
- . Tarxeta de demandante de emprego do servizo público de emprego actualizada.
- . Documentación acreditativa de colectivo, méritos e CELGA 2 ou equivalente:

.....  
 .....  
 .....  
 .....

Declaro que son certos os datos da presente solicitude e que coñezo acepto e acato todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Boqueixón, ..... de .....de 2022

Asino:.....

**Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE BOQUEIXÓN**





Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
emprego@boqueixon.com  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

## ANEXO II

### **Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección de 3 PEÓNS/PEOAS DE OBRAS PÚBLICAS DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2022 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

Don/a.....,  
con DNI..... e domicilio en .....  
nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo de CONTRATACIÓN LABORAL DE **3 PEÓNS/PEOAS DE OBRAS PÚBLICAS**:

#### DECLARACIÓN XURADA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

- A efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes:

Que NON  SI  desempeña posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984.

Que NON  SI  realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

- Posuír a capacidade funcional e psíquica para o desempeño das tarefas en non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.

- Ter sido informado polo Concello de Boqueixón que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo algunha enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

. Que son certos os datos da presente declaración.

- Os datos recollidos a través deste anexo trataranse de conformidade coa Lei de Protección de Datos de Carácter **(XÚNTASE ANEXO NO REVERSO)**



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
emprego@boqueixon.com  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

## INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA SOLICITANTES DE EMPREGO

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

### 1.- RESPONSABLE DE TRATAMIENTO.

O responsable de tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE BOQUEIXÓN, con dirección LUGAR FORTE S/N, 15881 - BOQUEIXÓN (A CORUÑA); correo@boqueixon.es.

**2.- DPO:** O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE BOQUEIXÓN é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@boqueixon.es.

### 3.- FINALIDADE

O acceso á condición de persoal laboral de CONCELLO DE BOQUEIXÓN efectuarase de conformidade coa OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO, mediante unha convocatoria Pública e a través de calquera sistema contemplado na normativa vixente, sexa concurso, concurso- oposición ou oposición libre, nos que se garantirá, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

### 4.- LEXITIMACIÓN

A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a firma da solicitude.

### 5.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS

CONCELLO DE BOQUEIXÓN proporciona un servizo de promoción de emprego, axudando a terceiras empresas e entidades a cubrir os seus procesos de selección. Por favor, marque as casas conforme ao consentimento que queira outorgarnos:

- Si, desexo participar en procesos de selección de terceiras empresas e/ou entidades coas que CONCELLO DE BOQUEIXÓN colabore, polo que consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados ás mesmas, coa finalidade única de participar nos seus procesos de selección.
- Non, unicamente desexo participar nos procesos de selección de CONCELLO DE BOQUEIXÓN, polo que non consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados a terceiras empresas.

### 6.- DEREITOS

Por último, informámoslle dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento
- Dereito á portabilidade dos datos

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI.

CONCELLO DE BOQUEIXÓN dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias de CONCELLO DE BOQUEIXÓN LUGAR FORTE S/N, 15881 - BOQUEIXÓN (A CORUÑA); [correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es).

Para que podamos gardar o seu currículo e tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos outórguenos o seu consentimento. Para iso deberá cumprimentar e asinar o seguinte recadro:

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_

DATA E LUGAR: \_\_\_\_\_

SINATURA: \_\_\_\_\_